

## FIGURAS HOMENAXEADAS

2023 Francisco Fernández del Riego  
2022 Florencio Delgado Gurriarán  
2021 Xela Arias Castaño  
2020 Ricardo Carvalho Calero  
2019 Antón Fraguas Fraguas  
2018 M<sup>a</sup> Victoria Moreno Márquez  
2017 Carlos Casares Mouriño  
2016 Manuel María  
2015 Xosé Fernando Filgueira Valverde  
2014 Xosé María Díaz Castro  
2013 Roberto Vidal Bolaño  
2012 Valentín Paz Andrade  
2011 Lois Pereiro  
2010 Uxío Novoneyra  
2009 Ramón Piñeiro  
2008 Xosé María Álvarez Blázquez  
2007 María Mariño  
2006 Manuel Lugrís Freire  
2005 Manuel Lorenzo Varela  
2004 Xaquín Lorenzo, Xocas  
2003 Avilés de Taramancos  
2002 Frei Martín Sarmiento  
2001 Eladio Rodríguez González  
2000 Manuel Murguía  
1999 Roberto Blanco Torres  
1998 Trobadores da ría de Vigo  
1997 Ánxel Fole  
1996 Xesús Ferro Couselo  
1995 Rafael Dieste  
1994 Luís Seoane  
1993 Eduardo Blanco Amor  
1992 Fermín Bouza-Brey  
1991 Álvaro Cunqueiro  
1990 Luís Pimentel  
1989 Celso Emilio Ferreiro

1988 Otero Pedrayo  
1987 Francisca Herrera Garrido  
1986 Aquilino Iglesia Alvariño  
1985 Antón Losada Diéguez  
1984 Armando Cotarelo Valledor  
1983 Manuel Leiras Pulpeiro  
1982 Luís Amado Carballo  
1981 Vicente Risco  
1980 Afonso X o Sabio  
1979 Manuel Antonio  
1978 Antonio López Ferreiro  
1977 Antón Villar Ponte  
1976 Ramón Cabanillas  
1975 Xoán Manuel Pintos  
1974 Xoán Vicente Viqueira  
1973 Manuel Lago González  
1972 Valentín Lamas Carvajal  
1971 Gonzalo López Abente  
1970 Marcial Valladares Núñez  
1969 Antonio Noriega Varela  
1968 Florentino López Cuevillas  
1967 Manuel Curros Enríquez  
1966 Francisco Añón  
1965 Eduardo Pondal  
1964 Daniel Rodríguez Castelao  
1963 Rosalía de Castro

## PARA SABER MÁIS

<https://academia.gal/letras-galegas/2023/francisco-fernandez-del-riego>  
<https://primaveradasletras.gal/>



**Francisco Fdez. del Riego  
(1913-2010)**

**Equipo de Dinamización da  
Lingua Galega**

**CEIP Felipe de Castro  
(Noia)**

## O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Francisco Fernández del Riego leu o seu discurso de entrada na Real Academia Galega o 3 de novembro de 1960, discurso que levaba por título Un país e unha cultura.

O 20 de marzo de 1963, Francisco propón á Real Academia Galega, xunto a outros dous académicos, Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo, instituír o 17 de maio, coincidindo co centenario da edición do libro Cantares Gallegos, de Rosalía de Castro, como o Día das Letras Galegas.

A súa proposta é aprobada no Pleno da institución e así, a partir do ano 1963, cada 17 de maio homenaxéase a un autor ou autora que defendera o noso idioma e a nosa cultura.

En 1991 a Xunta de Galicia declarou este día como festivo.

Non foi esta a única iniciativa impulsada por Francisco F. del Riego. A principios de 1967, co apoio de García-Sabell e Carballo Calero, propón que a RAG se dirixira aos poderes públicos para que o idioma galego tivera presenza e se estudara en todos os niveis do ensino público.

Unha medida que se implementará anos máis tarde en todos os centros de ensino galegos e nalgúns de León e Zamora.

En 1997, dimite García Sabell como presidente da RAG e o Pleno da institución elixe a Francisco F. del Riego como presidente, cargo que ocupará ata o ano 2001.

## HOMENAXEADO 2023

O plenario da Real Academia Galega (RAG) acordou dedicar o Día das Letras Galegas de 2023 a **Francisco Fernández del Riego (1913-2010)**

### BIOGRAFÍA



Francisco Fernández del Riego naceu na localidade lucense de Vilanova de Lourenzá, o 7 de xaneiro de 1913. Era o primoxénito dos once fillos e fillas que tiveron Vicente e Amada. Puxéronlle os nomes de Francisco Jesús Benito Antonio. Os estudos primarios e os

primeiros cursos de bacharelato fíxoos en Lourenzá e rematou o bacharelato como interno no colexio da Nosa Señora da Antiga, de Monforte de Lemos (Lugo). Aos dezasete anos marchou cos seus pais e irmáns a Madrid e matriculouse na facultade de Dereito.

Cando voltou a Galicia rematou os estudos de Dereito e, despois da Guerra Civil, deu clases en dous colexios de Vigo, Labor e Mezquita, e traballou no bufete do seu amigo Valentín Paz Andrade.

Traballou arreo polo idioma e a cultura galega: foi membro do Seminario de Estudos Galegos, escribiu en moitos xornais e revistas, fundou a Editorial Galaxia, presidiu a Fundación Penzol, traballou na BBC, emisora inglesa, facendo programas en galego, foi membro e presidente durante catro anos da Real Academia Galega, recibiu as Medallas de Ouro de Galicia e a de Castelao.

Propuxo, con Xesús Ferro e Manuel Gómez, a creación do Día das Letras Galegas, para homenaxear ás persoas que defenderan a nosa cultura.



Francisco Fernández del Riego na Real Academia Galega.

Escribiu moitos libros: Danzas populares galegas, Historia da literatura galega, Galicia no espello, O Camiño de Santiago, A pesca galega de mar a mar... e unha chea de libros máis.

Faleceu en Vigo o 26 de novembro de 2010 aos 97 anos de idade.

Este ano 2023 a Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas.